

## VALORACIÓN MEDICINA

Desde a UDC lamentamos a situación producida hoxe, na que unha das partes non deu por bo o acordo ao que se chegou no Consello de Coordinación da Docencia Clínica a pasada semana.

Esta decisión supón deixar sen validez moitas horas de traballo empregadas para procurar un texto dialogado e consensuado que permitise aplicar a descentralización de Medicina aproveitando todos os recursos do sistema sanitario e universitario galego.

Desde a UDC actuamos en todo momento con lealdade ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) e respecto institucional polas institucións que o constitúen. Nese marco, dialogamos e buscamos o acordo e o consenso. O noso compromiso co sistema galego de ensino superior neste proceso foi inequívoco.

Ante esta situación, a UDC dará continuidade aos traballos para impulsar unha nova titulación de Medicina na Coruña, que desde o inicio consideramos como a mellor opción para dar resposta á demanda existente e avanzar nun novo modelo formativo.